

ALBERTO ARDID
MANUEL BALSAS
JULIO CATALÁN
SABELA CONDESA

PREGAR

PINT

ISIS HUERGA
TATIANA LAMEIRO
SOL MUSSA
ANDREA OTERO

SARA PIÑEIRO
CRISTINA SOUTO
GOA VÁZQUEZ
RUTH VIDAL

COMISARIO: CARLOS FER

Descrición do proxecto

"Pregar a Pintura" escenifica unha realidade da pintura contemporánea cada vez máis presente: a do prego. Nestas pezas, a dobrez é un elemento pictórico, compositivo, configurador e conceptual. Pretendemos debuxar un retrato actual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra con estudantes recentemente graduadas e doutorandas pertencentes a unha xeración marcada polo dixital que, á súa vez, crean unha arte prófuga do puído das pantallas, fuxitiva do plano do virtual, antagónica ao raso de imaxes coma as do cinema ou a fotografía.

Ao pregar a pintura, esta convértese no que sempre foi: branda, mutante e flexible, calidades das que foi renegada durante a historia da arte por bastidores e duras estruturas. Grazas ao prego, o cadro deixa de ser unha superficie bidimensional que simula unha representación plana do mundo.

A nosa procura reformula o concepto de cadro-xanela de Alberti, abríndoo e despregándoo, para incorporar linguaxes máis relacionadas coa existencia humana e fuxir da bidimensionalidade inexistente na natureza, achegando o cadro ao corpo con estas pinturas que asemellan á flexibilidade da nosa pel.

Cuestionándonos o valor contemplativo e ilusionista da pictórica entramos polos seus pregamentos para introducirmos na observación das dobreces, das construcións pictóricas a través de superposicións encartadas ou da quebradura radical do soporte. O prego fai presente o cadro, amosa a súa presenza mentres compón novos espazos. Deste xeito nace un inédito elemento na sintaxe da imaxe: a tridimensionalidade.

A realidade do mundo é encartada. O que distingue a pintura doutro tipo de imaxes é a súa tactilidade, a súa materialidade e mais o seu prego, características ás que unha intelixencia artificial ou un teléfono móbil nunca poderán chegar. Cada prego é irrepitible. As nosas engurras e as nosas pegadas dactilares fannos únicos. Dito doutro xeito, estas artistas resaltan a importancia da materialidade dúctil nun mundo virtual onde o prego é un elemento clave na ruptura do ilusionismo pictórico e dixital, facendo a pintura máis pintura.

Alberto Ardid

<https://www.myfriendeskio.com/es/>

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Barcelona, participou en importantes mostras coma "O que hai. Obxecto, materia e o cotián nos tempos da precariedade" na Fundación Laxeiro, "00:00" na Sala Apo'strophe ou o Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense no Centro Cultural Marcos Valcárcel. Ten recibido galardóns polo seu traballo artístico coma o Premio Bienal de Arte no Morrazo ou o Premio Adquisición do XVII Certame de Arte Isaac Díaz Pardo. Actualmente reside e traballa en Vigo compaxinando o seu traballo artístico co doutoramento en Investigación e Creación en Arte Contemporánea da Universidade de Vigo.

As "Celebracións" de Alberto levan a replantearnos tanto a estrutura primeira do cuadro (o bastidor) como a moldura que remata a formalización dunha pintura (o marco). Estas obras fan dudar do rectángulo do cadro, pregándoo.

En canto a "Aínda Aínda", unha nova forma que parte dun espello roto reflicte a pintura bidimensional que hai sobre a peana, pregando esa pintura de maneira única e facendo partícipe ao espectador e seu punto de vista.

Aínda aínda (informe nº00)

Técnica mixta

Celebración

Técnica mixta


Celebración II

Técnica mixta



Manuel Balsas

https://www.instagram.com/balsasmanuel_/



Actualmente está a cursar o grao en Belas Artes da Universidade de Vigo. Participou en exposicións como "Latitudes", organizada polo centro de Artes Arcadia en 2021, o certame de Artes Plásticas Novos Valores en 2023 e ese mesmo ano en "Miradas, Retratos do Pensamento" organizada pola Fundación Eugenio Granell. Tamén formou parte da charla Xornadas Percorrido Dun proxecto na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Manuel Balsas lévanos a dubidar da estrutura clásica do cadro no seu "Bastidor roto". Balsas creba, pliega ata a destrución un bastidor, e volve recompoñelo no que parece unha explosión do mesmo. A ruptura é total. O lenzo queda colgando e a estrutura do cadro negada por completo.

Bastidor Roto
Óleo sobre madeira e lenzo ensamblado

Julio Catalán

<https://www.instagram.com/meeuw3/>

Julio Catalán (Lugo, 1995) é graduado en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Máster en Creación e Investigación en Arte Contemporánea pola Universidade de Granada. Actualmente realiza a súa investigación a través do Doutoramento en Investigación e Creación na Universidade de Vigo sobre os procesos abertos de creación contemporánea nas relacións entre o individuo e o territorio. A súa obra expúxose en mostras como o "Premio do Auditorio de Galicia para Novos Artistas", "Materiais" na Sala Profesor Manuel Moldes, "O que hai" na Fundación Laxeiro ou o certame "Xuventude Crea" na Igrexa na Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, foi galardoado co Premio Alonso Cano da Universidade de Granada.

Cos seus pregos infinitos, a obra de Catalán mostra uns mapas pintados polo artista que posteriormente rompen en pequenas illas, encartándose como o territorio mesmo e as súas placas tectónicas. Estas intervencións no soporte aparecen en contraposición ao plano. Con este proceso pictórico e os seus resultados, maniféstase unha clara rebeldía ante o soporte, creando en cada peza unha superficie inédita.

Desprendemento
Cúmulo de fragmentos de papel pintado



Sabela Condessa

https://www.instagram.com/sabela_condesa/

Sabela Condessa (Pontevedra, 1988), graduada en Belas Artes na Universidade de Vigo en 2014 complementa a súa formación co Máster en Arte Contemporánea. Investigación e creación na Facultade de Belas Artes Pontevedra. Participou en distintas exposicións colectivas como XVII Certame de artes plásticas Deputación de Ourense, 2023. Actualmente traballa revisando as convencións que tradicionalmente definiron a pintura, analizando as prácticas pictóricas que exploran outras posibilidades fóra do lenzo e tomando conciencia sobre derivas e aperturas da pintura contemporánea.

Sabela deixa secar a pintura para xogar con ela ao seu gusto. Aquí o prego na pintura é literal, colle a materia pictórica e a compón de maneira que se converte en soporte, en estrutura e en técnica. A pintura pregada na súa máxima expresión.

Exenta I
Pintura acrílica e látex

Exenta II
Pintura acrílica e látex

Exenta III
Pintura acrílica e látex



Isis Huerga

<https://www.instagram.com/isishuerga/>

Isis Huerga (Cambados, 2001) Artista plástica que se atopa no seu último ano de estudos de Belas Artes na Universidade de Vigo. A súa traxectoria artística comeza na Escola de Arte e Superior de Deseño de Zamora e a partir de aí desenvolve unha inclinación natural cara á pintura. Na facultade de Pontevedra desenvolveu un estilo artístico ao redor da arte abstracta que explora a memoria e a identidade a través dos mapas. Participou en exposicións colectivas entre elas "Novos e Artistas" no Pazo Torrado de Cambados, "Téxtil" na sala O Abrigo comisariada pola agrupación artística Refugallo ou "Iridiscencias" do colectivo Kaleidoscopio.


Isis, do mesmo xeito que Catalán, fálanos nas súas pezas do territorio. Os camiños, orografía e experiencias que Huerga viviu en diferentes zonas exprésanse en forma de bordados, teas tinguidas e pintura pura. Na súa obra xoga coa fenomenoloxía do espazo. O prego máis evidente é a esquina onde se forma a obra "Sin Ruta" ou o roce de "377 km" co teito e o chan da habitación.

377 km

Acrílico, óleo en barra, lápiz, bordado, cosido, cortado e pegado sobre tea.

Sin Ruta

Acrílico sobre tea



Tatiana Lameiro

<http://tatianalameiro.com>



Tatiana Lameiro (Vigo, 1980) é artista visual, diseñadora, investigadora e profesora. É graduada en Belas Artes (Universidade de Vigo), máster en Dirección de Arte en Publicidade e máster en Profesorado, especializada en Arte e Debuxo. Tamén se formou como Técnico Superior en Imaxe e Técnico en Deseño Gráfico; profesional con ampla experiencia no campo do deseño e a fotografía, as súas investigacións céntranse na conceptualización do deseño gráfico e editorial, a imaxe fotográfica, os límites entre deseño e arte.

A presente proposta xoga coa matriz e o desfeito da gráfica, a cal a artista ressignifica como pintura a través dos seus pregos nun acto de reciclaxe de residuos.

Metarisograph
Tinta vexetal sobre matriz de papel de arroz

Sol Mussa

<https://solmussa.cargo.site>



Sol Mussa (Vigo, 1996), artista multidisciplinar graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Actualmente vive e traballa en Londres, onde estudou un curso de Introducción á antropoloxía visual en Goldsmiths e un máster de Creación e investigación artística na Central Saint Martins grazas á bolsa Mona Hatoum. Os seus traballos máis recentes foron presentados en "Urvanity Art Fair", Madrid; "Auditorio de Galicia", Santiago de Compostela; "LUX", Londres; "King's College", Londres; "FIDBA", Buenos Aires; "Family Film Project", Porto; "Certame de Artes Plásticas", Ourense; "Curtocircuíto", Santiago de Compostela; "S8", A Coruña ou "Materiais" na Sala Profesor Manuel Moldes, Pontevedra.

En "40x20x25" Mussa exponnos un globo terráqueo pregado para caber nunha bolsa de viaxe coas medidas permitidas nas compañías de viaxe low-cost. Con este mapamundi rectangular dobrado, o territorio rómpese para recomporse con novas relacións entre o territorio e o viaxe.

40x20x25

Papel reciclado, látex e spray

Andrea Otero

<https://www.instagram.com/malдитandrea/>

Andrea Otero (Ribadavia, 1996) é artista visual e profesora. É graduada en Belas Artes na Universidade de Vigo e máster en Investigación e creación na Universidade de Granada. Participou en exposicións colectivas como "As 7 e 7" da Deputación de Lugo ou Xuventude Crea en varias ocasións e disciplinas.

O todo constrúese dunha composición caótica de recortes irregulares de camisetas e pantalóns. A distribución múltiple dos sobrantes crean liñas diagonais que simulan movemento. Gaña volume no espazo colocando pinceis tras ela que fan resaltar algúns dos pregos formados inintencionadamente coa unión destas teas descartadas.

Sin título
Tea, fío e pinceis



Sara Piñeiro

<https://www.instagram.com/sarapineirof/>



Ojo Vago
Tecido de ligamento tipo sarga, papel de revista e cinta de pintor

Sara Piñeiro (Pontevedra, 1996) é unha artista visual graduada en Belas Artes pola UVigo e Máster en Dirección de arte en Publicidade pola mesma universidade. En 2019 recibe a Bolsa de Colaboración con Departamentos e participa como alumna interna no Departamento de Pintura da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Posteriormente trasládase a Bilbao onde completa a súa formación co Máster de Pintura da UPV/ EHU e unha estancia dun semestre en Berlín no estudo de Regina de Miguel. Actualmente é contratada predoutoral na UVigo pola Xunta de Galicia e membro do grupo de investigación Dx5 [Dixital & Graphic Art Research]. Os seus traballos puideron verse recentemente en espazos como o Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), Museo de Pontevedra, Salga O Brocense (Cáceres), Casa da Alhóndiga (Segovia) ou o Palacio de Horcasitas (Balmaseda), entre outros.

Redes que se entrecosen para crear unha gran pel que recubre un bastidor invisible. Sara compón unha pintura feita de centos doutras imaxes e colócaa nunha estrutura bastante máis pequena. Unha pel que colga, que sobra e que cae. A epiderme prégame, o lenzo descólgase.

Cristina Souto

<https://www.instagram.com/cristinasoutop/>

Cristina Souto (*As Pontes*, 2002) está a rematar os seus estudos no grao en Belas Artes da Universidade de Vigo. No 2023 participa na XXX mostra de "Voilà la femme" de Marín, na sección Paraíso do "S8" (mostra de cinema periférico da Coruña), na Chanfainalab e no obradoiro "Xogos coa realidade" de Novos Cinemas.

Cristina recompón peles con novas redes a través do tecido e de técnicas téxtiles. Unha nova pintura máis téxtil vese representada nesta mostra coa súa obra, que á vez de falar do seu propio corpo, dúbida da representación pictórica con novos materiais e relacións.

Roto e descosido III
Tea



Goa Vázquez

<https://www.instagram.com/goavazquezp/>

Goa Vázquez (Mondariz, 2002) está a rematar os seus estudos no grao en Belas Artes da Universidade de Vigo.

Terra e superficie nace de ideas que se orixinan a través dunha investigación relacionada coa arte ecolóxica, a ruptura co soporte tradicional e a influencia do Land Art. Un dos puntos clave da mesma é o rexistro tanto do proceso como da pegada. A obra crea un rexistro de vestixios de superficies que se relacionan e contrapoñen a través de capas, texturas e volumes.

Tierra y superficie
Nogalina e pigmento sobre tea



Ruth Vidal

<https://www.instagram.com/qui.sap/>

Graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, actualmente cursa un máster universitario de dirección de arte e deseño de moda paralelamente á creación de obra de forma autónoma. Ata o de agora realizou ao redor de máis dez exposicións entre individuais e colectivas, algunhas como "Afinidades Selectivas XII" en Vigo, "A arte é un conflito" na Galería Manolo Eirín ou ben, a intervención en Aula Aberta no museo CGAC en Santiago de Compostela; foi seleccionada no EAN12 en 2022 e recibiu o 1º premio no Certame de Artes Plásticas de Ourense en 2023. A súa obra camiña entre os conflitos existentes entre a pintura e a escultura, a invisibilidade dos actos cotiáns, o natural e o artificial no ámbito da instalación.

Pintura serigráfica de relevo que se utiliza como calquera outra técnica pictórica, pero ao aplicarlle calor convértese nun material tridimensional que rompe o plano sobre o que está. As pezas de Vidal falan do territorio dende unha perspectiva lúdica. Un chan que, de tanto saltar, quebra para desvelar os estratos da terra.

Monocromo de Parque
Pintura inchable sobre tea

Monocromo de Parque II
Pintura inchable sobre tea



Carlos Fer (comisario)

<https://www.instagram.com/carlxsfer/>

Carlos Fer (Tui, 1997) é un artista multidisciplinar e comisario graduado en Belas Artes da Universidade de Vigo, cun máster en Profesorado e outro en Debuxo e Creación Audiovisual na Universidade de Granada en 2020 e 2021 respectivamente. Actualmente, está a facer un Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea na Universidade de Vigo. A pesar da súa mocidade, impartiu clase como profesor de Artes Plásticas e Deseño en institucións educativas tan prestixiosas como a Escola Superior de Deseño de la Rioja ou a Escola Superior de Deseño Pablo Picasso na Coruña, ademais da Facultade de Belas Artes de Pontevedra como investigador predoutoral. Foi galardoado con premios e bolsas, destacando o Premio Extraordinario de Fin de Grao da Universidade de Vigo e o Premio Fin de Carreira outorgado pola Xunta de Galicia. Foi bolseiro coas bolsas predoutorais Pre-Uvigo e as propias da Xunta de Galicia. Ademais, participou en numerosas conferencias internacionais como o CSO da Sociedade de Belas Artes de Lisboa, o Add+Art da Universidade de Barcelona ou o ANIAV da Universidade Politécnica de Valencia. Publicou en revistas académicas como Gravado e Edición e exhibiu o seu traballo en diversas exposicións coma Novos Valores da Deputación de Pontevedra, Schengen na Valentiny Foundation de Luxemburgo, Xuventude Crea da Xunta de Galicia, o Premio Auditorio de Galicia para Artistas Novos, a feira de arte FIG de Bilbao ou o Premio Casimiro Sainz de Reinosa, Cantabria. A súa labor como comisario de exposicións vese reflectido en "Que Podo facer con todas estas Ruínas" xunto a Ruth Vidal e "Gañar as Formas" de Manuel Balsas, ambas as na asociación cultural Kentada. Tamén coordinou diversos eventos artísticos dentro da Universidade como as I e II Xornadas "Percorrido dun Proxecto", "MOE: Habitando o Público", ou o VII Foro "O Múltiple que ocupa o Espazo", este último en colaboración co concello de Pontevedra. Tamén foi seleccionado para residencias artísticas como " IV Residencia de Creadores Emerxentes. Interaccións artísticas non Pazo de Mariñán" e importantes festivais de cinema e videoarte como Curtocircuito en Santiago de Compostela ou FIVA XI en Buenos Aires, Arxentina.